



**NORMATIVA AUTONÓMICA
PREBASE
XIMNASIA RÍTMICA
2025**



XENERALIDADES

a.-Teñen acceso a esta competición todas aquelas ximnastas que no ano **2024** non competiron en competición autonómica ou nacional de nivel federado ou en competición **autonómica** ou nacional de nivel base.

b.- **Ningunha ximnasta por conxunto e categoría do mesmo Club inscrita na fase provincial como na final do Campionato de Prebase poderá participar nas dúas modalidades independentemente da categoría: conxunto e individual.** Non poderá participar por duplicado nos conxuntos, isto é pertencer a dous conxuntos da mesma ou diferente escola/club.

c.-Na modalidade individual a inscrición non ten límite de ximnastas por Club para as fases provinciais. O pase a fase final para CONXUNTOS e INDIVIDUAL estará limitada a seguinte proporción de ximnastas por categoría e provincia:

INDIVIDUAL	1-9 ximnastas: 3 primeiras clasificadas	10 ou mais ximnastas: 5 primeiras clasificadas
CONXUNTO	1-6 conxuntos: 4 primeiros clasificados	12-16 conxuntos: 8 primeiros clasificados
	7-11 conxuntos: 6 primeiros clasificados	17 e mais conxuntos: 11 primeiros clasificados

d.-Haberá competición en dúas fases por provincia. Na 1ª e 2ª Fase obterase unha clasificación e entregaráselle medallas aos 3 primeiros clasificados por categoría. **Para obter a clasificación final provincial sumaranse os puntos da 1ª e 2ª fase, non se entrega premiación. A clasificación en cada unha das fases previas da competición, asignará puntos a cada equipo/individual según número de participantes e en orden inverso por categoría, pex. para 10 participantes:**

1º clasificado	10	6º clasificado	5
2º clasificado	9	7º clasificado	4
3º clasificado	8	8º clasificado	3
4º clasificado	7	9º clasificado	2
5º clasificado	6	10º clasificado	1

En caso de empate, procederase ao desempate obtendo o pase o mellor conxunto/individual clasificado na 2ª Fase.

e.- Para acceder a Fase final do Cpto. é obrigatoria a inscrición e participación na fase provincial.

f.-O número de ximnastas mínimo para o conxunto é de catro e o máximo é de oito ximnastas. Isto é, os conxuntos poderán formarse con 4, 5, 6, 7, ou 8 ximnastas.

g.-Un mesmo club non pode presentar o mesmo exercicio dúas veces, aínda que cambien as ximnastas.

h.-Permítense as músicas cantadas en individual e conxuntos. ¡¡**Nota:** os clubs que teñan previsto participar no Nacional Base deben revisar a Normativa Nacional **2025!!**

i.-As ximnastas individuais ou pertencentes os conxuntos que se clasifiquen nos últimos postos de cada categoría, en función do 30% de cada categoría, e sempre que non acadaran podium poderán optar a competir na tempada seguinte (**2026**) no Cpto. Galego de Promoción ou seguir en Prebase. *Exemplo: se hai 13 conxuntos en cat. Infantil poderán baixar a Promoción os 4 últimos postos da cat. Infantil.* Tamén poden optar a descender a Promoción en **2026** os conxuntos de Prebase **2025** que só competiron nas fases provinciais pero non na Fase Final.

j.-Permítense a participación de ata dúas ximnastas dunha categoría inmediatamente inferior nunha superior para formar conxunto. Exemplo: *ata 2 ximnastas alevíns poderían formar conxunto de categoría infantil.* ¡¡**Nota:** na normativa Nacional de Base Conxuntos esto non está permitido!!

IDADES DAS XIMNASTAS MODALIDADE CONXUNTO

- Prebenxamín: 2017, 2018
- Benxamín: 2016, 2017
- Alevín: 2014, 2015, 2016
- Infantil: 2012, 2013, 2014
- Cadete: 2010, 2011, 2012
- Xuvenil: 2010 e anteriores

IDADES DAS XIMNASTAS MODALIDADE INDIVIDUAL

- Prebenxamín: 2017
- Benxamín: 2016
- Alevín: 2014, 2015
- Infantil: 2012, 2013
- Cadete: 2010, 2011
- Xuvenil: 2009 e anteriores

DURACIÓN DAS MÚSICAS

<u>CATEGORÍA</u>	<u>INDIVIDUAL</u>	<u>CONXUNTO</u>
Prebenxamín	1,15 – 1,30”	1,45 – 2,00”
Benxamín	1,15 – 1,30”	1,45 – 2,00”
Alevín	1,15 – 1,30”	1,45 – 2,00”
Infantil	1,15 – 1,30”	2,15 – 2,30”
Cadete	1,15 – 1,30”	2,15 – 2,30”
Xuvenil	1,15 – 1,30”	2,15 – 2,30”

APARATOS

<u>CATEGORÍA</u>	<u>INDIVIDUAL</u>	<u>CONXUNTO</u>
Prebenxamín	ML	ML
Benxamín	ML	ML
Alevín	MAZAS	PELOTAS
Infantil	CORDA	CORDAS
Cadete	ARO	PELOTAS
Xuvenil	CINTA	AROS

ESIXENCIAS TÉCNICAS E APARATOS: EXERCICIOS CONXUNTO
VER NORMATIVA CPTO. NACIONAL BASE CONXUNTOS 2025 – RFEG

ESIXENCIAS TÉCNICAS E APARATOS: EXERCICIOS INDIVIDUAL
VER NORMATIVA COPA ESPAÑA BASE INDIVIDUAL 2025 - RFEG

***OLLO: OS CLUBES QUE TEÑAN PREVISTO LEVAR CONXUNTOS O NACIONAL DE BASE
REVISEN A NORMATIVA NACIONAL 2025.

Recordatorio: Aplicarase o CÓDIGO FIG respecto aos maillots e comunicación adestrador/ximnasta.

O xuíz responsable da competición poderá sancionar as medidas incorrectas dos aparellos.
Cando se acredite o plaxio total ou parcial dun exercicio, o xuíz responsable da competición poderá sancionalo.